

Referencia da Praza:	LA2408-C02-063-PI-NA-01
Tipo de Praza:	Lista de agarda
Área de Coñecemento:	063 Botánica
Departamento:	C02 Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo
Sede actuación da comisión:	Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

En Ourense o día 10 de xuño de 2025 constitúese a comisión arriba indicada coa asistencia de:

Presidente/a: María Carmen Seijo Coello

Secretario/a: Castor Muñoz Sobrino

Vogal: María Fernández González

Como membro con voz e sen voto, designado/a pola representación das e dos traballadores: Antonio Cid Samamed

CRITERIOS DE VALORACIÓN

Reunida a comisión correspondente, constituída polas persoas que se relacionan na Acta de Constitución acordouse por **unanimidade** establecer os seguintes criterios de valoración, que complementarán o baremo (Anexo I) á hora de valorar e puntuar os méritos (en número máximo de 10) que presenten as persoas candidatas segundo o recollido no Anexo V:

Titulación(s) básica(s): Licenciado ou Graduado en: Bioloxía, Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Ciencias Ambientais, Ciencias do Mar, Enxeñería Agraria, Enxeñeiro Técnico Agrícola en Industrias Agroalimentarias.

Titulación(s) afin(s): Licenciado ou Graduado en Farmacia, Enxeñeiro de Montes

Área(s) Afin(s): Fisioloxía vexetal, Producción vexetal, Edafoloxía

1. TITULACIÓN / FORMACION ACADÉMICA

A puntuación dos subapartados correspondentes:

- ✓ No caso de correspondencia coa área de coñecemento obxecto de concurso, valorarase no seu valor máximo: 100%.
- ✓ No caso de titulacións e áreas afíns, valorarase ao 50%.
- ✓ No caso de titulacións/áreas non afíns, valorarase coa seguinte porcentaxe: **0**%.

- a) Expediente académico na Diplomatura/Licenciatura/Grao/Enxeñaría ou equivalente: nota media do expediente. A suma dos puntos (entre paréntese) acadados dividirase polo número total de convocatorias consumidas. Entenderase incluída aquí a titulación universitaria requirida para optar á praza.

Matrícula de Honra (4), Sobresaliente (3), Notable (2), Aprobado (1)

.....

- b) Premio Extraordinario de Licenciatura/Grao/Enxeñaría ou equivalente: 0,5 puntos

.....

- c) Expediente académico no Mestrado: nota media do expediente. A suma dos puntos (entre paréntese) acadados dividirase polo número total de convocatorias consumidas

Matrícula de Honra (4), Sobresaliente (3), Notable (2), Aprobado (1)

.....

- d) Premio Extraordinario de Mestrado: 0,5 puntos

.....

- e) Tese de Doutoramento
Sobresaliente “cum laude”(ou Apto “cum laude”) (4), Sobresaliente (3), Notable (ou Apto) (2), Aprobado. (1)
.....
- f) Premio Extraordinario de Doutoramento: 0,5 puntos
.....
- g) Outros cursos de especialización: máx. 1 punto
Valoraranse unicamente os certificados por Universidades ou entidades equivalentes e de mais de 100 horas lectivas. 0.5 puntos de 100 a 200 horas, 1 punto mais de 200 horas.
- h) Outros méritos académicos: máx. 1 punto
Non se valoran

2. EXPERIENCIA DOCENTE

A puntuación dos subapartados correspondentes:

- ✓ No caso de correspondencia coa área de coñecemento obxecto de concurso, valorarase no seu valor máximo: 100%.
- ✓ No caso de titulacións e áreas afíns, valorarase ao 50%.
- ✓ No caso de titulacións/áreas non afíns, valorarase coa seguinte porcentaxe: 0 %.

Nos casos de docencia inferiores a un ano procederase ao rateo da puntuación.

- a) Docencia universitaria:
- I. 1 punto por cada ano de docencia en réxime de dedicación a tempo completo.
 - II. 0,5 punto por cada ano en réxime de dedicación a tempo parcial.
- Para este concurso valorarase exclusivamente a docencia conducente a títulos oficiais universitarios e certificada polas secretarías xerais das Universidades ou equivalentes, asignándose segundo este apartado a) puntos I e II. No caso de docencia en mestrado asignarase un máximo de 1 punto por cada 60 horas de docencia.
- b) Docencia non universitaria:
- I. 0,250 puntos por cada ano de docencia en réxime de dedicación a tempo completo (no caso de que a Comisión Específica de Área acorde considerar esta actividade como experiencia profesional non se valorará neste apartado).
 - II. 0,125 puntos por cada ano de docencia en réxime de dedicación a tempo parcial (no caso de que a Comisión Específica de Área acorde considerar esta actividade como experiencia profesional non se valorará neste apartado).
- A docencia non universitaria valorarase no apartado de experiencia laboral.

- c) Acreditación de formación pedagóxica regulamentada: ata 1 punto.
Valorarase CAP ou Mestrado en Profesorado
- d) Cursos de formación docente recibidos: 0,2 puntos por cada 100 h de docencia recibida, ata o máximo de 1 punto
Non se valoran
- e) Cursos de formación docente impartidos: 0,2 puntos por cada 20 h de docencia impartida, ata o máximo de 1 punto
Non se valoran
- f) Participación en proxectos de innovación docente: 0,2 puntos ata o máximo de 1 pto
Valorarase exclusivamente a participación en proxectos de innovación docente certificados polas universidades ou entidades equivalentes

3. EXPERIENCIA LABORAL E INVESTIGADORA

Valorarase a experiencia laboral ou investigadora que se axuste ao perfil definido na convocatoria da praza.

- ✓ Calquera outra experiencia laboral ou investigadora relacionada coa área, valorarase coa seguinte porcentaxe: 0 %.
- ✓ Calquera outra experiencia laboral ou investigadora non relacionada coa área, valorarase coa seguinte porcentaxe: 0 %.

Nos casos de contratos a tempo parcial ou por períodos inferiores a un ano procederase ó rateo da puntuación.

- a) Actividade laboral que require título universitario: ata 0,5 puntos por ano.
(entenderanse aquí tamén incluídos os contratos de investigación, bolsas FPI/FPU ou equivalentes). A persoa candidata terá que demostrar de xeito fehaciente a relación da actividade laboral desempeñada coas materias da área da lista de agarda á que se presenta.
A actividade laboral en réxime de dedicación a tempo parcial computarase á metade (0,25 puntos por ano).
- b) Actividade laboral que non require título universitario: ata 0,05 puntos por ano. A persoa candidata terá que demostrar de xeito fehaciente a relación da actividade laboral desempeñada coas materias da área da lista de agarda á que se presenta.
Non se valora

- c) Publicacións investigadoras: a persoa candidata elixirá a publicación de maior relevancia que poderá ser valorada con un máximo de ata 1 punto.

Unicamente serán computables os méritos publicados (en papel ou en formato electrónico), con data definitiva de publicación ou que teñan a carta/email da revista de que a publicación foi aceptada con data anterior ao fin desta convocatoria. Nos méritos alegados nos que consten máis de cinco autores ou autoras, a puntuación baixará un 10% por cada autor/a adicional (90% si son 6, 80% si son 7, etc). As publicacións avaliaranse segundo o seguinte criterio: 1 punto - Revistas tipo A (incluídas en Science Citation Index) do primeiro cuartil, 0,75 puntos - Revistas tipo A (incluídas en Science Citation Index) do segundo cuartil, 0,50 puntos - Revistas tipo A (incluídas en Science Citation Index) do terceiro cuartil, 0,25 puntos - Revistas tipo A (incluídas en Science Citation Index) do cuarto cuartil. As demais publicacións en revistas doutra índole non se terán en conta.

- d) Proxectos de investigación: a persoa candidata elixirá o proxecto de maior relevancia que poderá ser valorado con un máximo de ata 1 punto.

1 punto en calidade de Investigador Principal en calquera das modalidades Internacional, Nacional ou Autonómico, 0,75 puntos como membro do equipo de investigación en proxectos de ámbito internacional, 0,50 como membro do equipo de investigación en proxectos de ámbito nacional, 0,25 como membro do equipo de investigación en proxectos de ámbito autonómico.

- e) Outros méritos (bolsas de colaboración, estadías de investigación, actividades de investigación ou transferencia, cursos de investigación recibidos, etc.): ata 1 punto.

Estadías de investigación: 1 punto, de 31 a 90 días, 0,5 de 16 a 30 días, Dirección de Tesis Doctorais: 1 punto (dirección única), 0,5 puntos (Codirección), Dirección de TFG e TFM: 0,5 puntos en dirección única, 0,25 por cada codirección. Participación en actividades de investigación e transferencia debidamente acreditadas (0,2 puntos por cada unha de mais de 20 horas). Non se valorarán outros méritos.

OBSERVACIÓNS ADICIONAIS

No caso de que a solicitude conteñan mais de 10 méritos, unicamente se terán en conta os primeiros 10 méritos aportados. No caso de que o mesmo mérito se presente en dous apartados distintos, so se terá en conta no primeiro apartado no que apareza.

Ourense , 10 de xuño de 2025

Presidente /a
Asdo:

Secretario / a
Asdo:

Vogal
Asdo:

De ser o caso,
Rep. Trab. (con voz e sen voto)
Asdo: